

HOXE

- [Vivir Hoxe Galicia](#)
- [Vivir Hoxe Aulas](#)
- [Vivir Hoxe Sociedade](#)
- [Política Galicia](#)
- [Política España](#)
- [Política Mundo](#)
- [Economía](#)
- [Deportes](#)
- [Maré](#)
- [Comunicación](#)
- [A Contra](#)
- [Opinión](#)

EMPRESARIOS

Os promotores piden que non se "demonice" un sector moi forte

A construción xera 130.000 empregos directos, lidera o récord de paro en Galicia e representa a quinta parte do PIB da comunidade

AXENCIAS

O secretario xeral da Federación de Promotores de Galicia (Feproga), Juan José Yáñez, advertiu onte de que "se o sector da construción entra en recesión, a repercusión negativa que terá nesta comunidade será tremenda".

Yáñez mantén que se trata dun sector clave para o desenvolvemento da comunidade autónoma, non só en canto á creación de emprego senón tamén na creación de riqueza. Para o demostrar, fixo públicos datos oficiais nos que se demostra que o sector da construción xera 130.000 postos de traballo directos, o que supón o 10,8% da ocupación. Por iso, asegurou que este sector "lidera o recorte do paro en Galicia" e, é ademais, "o primeiro en xeración de emprego".

En canto á creación de riqueza, declarou que a construción xerou o ano pasado máis de 6.300 millóns de euros, "ou o que é o mesmo, a quinta parte do PIB galego". "Só o sector da construción triplica a creación de riqueza de calquera dos outros seis sectores existentes", afirmou Yáñez.

O secretario xeral de Feproga subliñou o feito de que actualmente, segundo datos ofrecidos por consultoras de ámbito internacional, existen máis de dous millóns de británicos e máis de cinco millóns de alemáns, que están a pensar en se retirar fóra dos seus países de orixe, sendo España un dos destinos preferidos.

Por todo iso, concluíu que non se pode "demonizar" o sector da construción, xa que se trata do maior creador de riqueza e emprego da comunidade autónoma. En canto á protección do medio natural, asegurou que son os primeiros en compartir a necesidade de protexer a natureza, pero "protexendo aquilo que si é necesario".

"Non podemos tratar de forma uniforme a costa galega, haberá zonas nas que sexa necesario ampliar a distancia de protección e outras nas que se poida facer menor, o mesmo ocorre co resto", aclarou Yáñez.

Pola súa parte, o vicepresidente de Feproga, José Echevarría Rey, expresou o seu desexo de que o sector da construción participe na realización dun proxecto de desenvolvemento urbanístico harmónico e sostible para Galicia, que é o que se busca por ambas as dúas partes, indicou.

COMENTARIOS

Escribe o teu comentario

ManeirAs DE VIVIR

Tres anos de Galicia Hoxe



Día das Letras Manuel Lugris Freire

Océano Internet

Descubrir

r.d.l.

Hoxe Venres

Bolboreta

Lecer

ESPECIALS

SUPLEMENTOS

EMPRESARIOS ■ A construción xera 130.000 empregos directos, lidera o récord de paro en Galicia e representa a quinta parte do PIB da comunidade

Os promotores piden que non se "demonice" un sector moi forte

O secretario xeral da Federación de Promotores de Galicia (Feproga), Juan José Yáñez, advertiu onte de que "se o sector da construción entra en recesión, a repercusión negativa que terá nesta comunidade será tremenda".

Yáñez mantén que se trata dun sector clave para o desenvolvemento da comunidade autónoma, non só en canto á creación de emprego senón tamén na creación de riqueza. Para o demostrar, fixo públicos datos oficiais nos que se demostra

que o sector da construción xera 130.000 postos de traballo directos, o que supón o 10,8% da ocupación. Por iso, asegurou que este sector "lidera o recorte do paro en Galicia" e, é ademais, "o primeiro en xeración de emprego".

En canto á creación de riqueza, declarou que a construción xerou o ano pasado máis de 6.300 millóns de euros, "ou o que é o mesmo, a quinta parte do PIB galego". "Só o sector da construción triplica a creación de riqueza de calquera

dos outros seis sectores existentes", afirmou Yáñez.

O secretario xeral de Feproga suabliñou o feito de que actualmente, segundo datos ofrecidos por consultoras de ámbito internacional, existen máis de dous millóns de británicos e máis de cinco millóns de alemáns, que están a pensar en se retirar fóra dos seus países de orixe, sendo España un dos destinos preferidos.

Por todo iso, concluíu que non se pode "demonizar" o sector da cons-

trución, xa que se trata do maior creador de riqueza e emprego da comunidade autónoma. En canto á protección do medio natural, asegurou que son os primeiros en compartir a necesidade de protexer a natureza, pero "protexendo aquilo que si é necesario".

"Non podemos tratar de forma uniforme a costa galega, haberá zonas nas que sexa necesario ampliar a distancia de protección e outras nas que se poida facer menor, o mesmo ocorre co resto", aclarou Yáñez.

Pola súa parte, o vicepresidente de Feproga, José Echevarría Rey, expresou o seu desexo de que o sector da construción participe na realización dun proxecto de desenvolvemento urbanístico harmónico e sostible para Galicia, que é o que se busca por ambas as dúas partes, indicou. ● AXENCIAS